

RESOLUCIÓN DO 02 DE XANEIRO DE 2024 DA DIRECCIÓN XERAL DE DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO POLA QUE SE CONVOCA UN CURSO DE CERTIFICADO DE PERCEBEIRO/A NA ESCOLA OFICIAL NÁUTICO PESQUEIRA DE RIBEIRA

Consideracións legais

- O Decreto 428/1993, do 17 de decembro, polo que se regula e refunde a normativa en materia de formación náutico-pesqueira encadra o certificado de mariscador na especialidade de acuicultura das ensinanzas non regradas náutico-pesqueiras
- A Orde de 8 de novembro de 2000 pola que se regula a obtención dos certificados de cualificación necesarios para optar aos permisos de explotación de mariscador a pé e de recursos específicos, establece no artigo 3 que os aspirantes a participar nos cursos deberán acreditar documentalmente que cumpren o requisito de ser maior de 16 anos e de ter rematada a escolarización obrigatoria
- Orde do 30 de decembro de 2015 pola que se regula a explotación dos recursos específicos no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia
- Decreto 210/2022, de 1 de decembro, polo que se modifica o Decreto 50/2021, do 11 de marzo, polo que se aproba a estrutura orgánica da Consellería do Mar, establece que a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro correspóndenlle a función de ordenación, dirección e coordinación das atribucións que ten asumidas a consellería en materia de ensino e titulacións náutico-pesqueiras e de lecer

De acordo con todo o anteriormente indicado, esta dirección xeral ao abeiro das súas competencias RESOLVE,

Convocar un curso de certificado de percebeiro/a que terá lugar na Escola Oficial Náutico Pesqueira de Ribeira, coas seguintes condicións:

Primeira: O centro publicará este curso no taboleiro de anuncios ou por calquera outro medio que permita a súa difusión.

Segunda: O centro encargarse da información e recollida da documentación que se precisa para a inscrición no curso das persoas interesadas.

Para matricularse deberán presentar a solicitude cuberta segundo o modelo anexo I acompañada da seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do DNI ou NIF
- Fotocopia compulsada do certificado de estudos acreditativo de ter rematada a escolarización obrigatoria

Terceira: O curso realizarase do 10 de xaneiro ao 9 de febreiro de 2024 en horario de mañá.

DIRECCIÓN XERAL DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO

Rúa Irmandiños s/n - Salgueiriños

15701 Santiago de Compostela

Teléf. 981-546177

cma.dxdesenvolvemento@xunta.gal



Cuarta: A asistencia ás clases é obrigatoria. Nas actividades formativas levarase un control de asistencia.

Quinta: Os/as aspirantes que superen as probas selectivas seralles emitida a correspondente certificación acreditativa.

Contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso de alzada perante a consellería do Mar, no prazo dun mes, desde a notificación da presente resolución, segundo se dispón nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

Susana Rodríguez Carballo

DIRECCIÓN XERAL DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO
Rúa Irmandiños s/n - Salgueiriños
15701 Santiago de Compostela
Teléf. 981-546177
cma.dxdesenvolvemento@xunta.gal





ANEXO I

MATRÍCULA DO CURSO DE CERTIFICADO DE PERCEBEIRO/A

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

APELIDOS	NOME	DNI ou NIF
ENDEREZO	CONCELLO	
CÓDIGO POSTAL E PROVINCIA	CORREO ELECTRÓNICO	TELÉFONO

EXPÓN:

Que reúne todos os requisitos para realizar o curso de certificado de percebeiro/a que terá lugar na Escola Oficial Náutico Pesqueira de Ribeira o que acredita achegando a seguinte documentación:

- FOTOCOPIA COMPULSADA DO DNI ou NIF
- FOTOCOPIA COMPULSADA DO CERTIFICADO DE ESTUDOS

SOLICITA:

A matrícula no dito curso

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmase de que os datos persoais recollidos nesta solicitude se incorporarán a un ficheiro para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposicións previstos na Lei mediante un escrito dirixido a este centro directivo como responsable do ficheiro.

LUGAR E DATA:

SINATURA:

Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ribeira
Rúa dos Estudantes, nº 7, 15960 Ribeira-A Coruña

DIRECCIÓN XERAL DESENVOLVEMENTO PESQUEIRO
Rúa Irmandiños s/n - Salgueiriños
15701 Santiago de Compostela
Teléf. 981-546177
cma.dxdesenvolvimento@xunta.gal

